

PROPOSTAS DA CIG PARA O V CONVENIO ÚNICO

Como xa sabedes UXT e CCOO denunciaron o IV Convenio. Segundo eles para acadar melloras salariais que eles mesmos nos negaron cos seus acordos (Acordo para a Administración do S XXI) e que fan que continuemos perdendo poder adquisitivo.

Desde o noso punto de vista aínda quedaban aspectos por desenvolver do IV Convenio como a Xubilación Parcial, as condicións do persoal do Anexo II.... Pero ante a Negociación do novo Convenio desde a CIG, aparte das cuestións económicas, tamén queremos incidir nos seguintes aspectos:

- **Negociar una nova clasificación profesional** que inclúa un novo Grupo M4 (Doutores) e que recolla o acordado ate o de agora no referido ás titulacións de acceso os diferentes grupos profesionais, sobre todo para o E1.
- Facultar de instrumentos á COPA que permitan **garantir o cumprimento do convenio en todos os departamentos** e organismos da AXE e establecer medidas que limiten ó máximo a contratación fora de convenio.
- Na provisión de postos; garantir que **todos os postos de necesaria cobertura pasen polo concurso** aberto e permanente. Acadar **melloras na Promoción Interna** que a fagan mais axeitada para o persoal laboral. Mellorar a participación das organizacións sindicais no deseño e execución dos sistemas de provisión, sobre todo nas Ofertas de Emprego.
- **Mudar os sistemas de mobilidade** para facelos máis efectivos e xustos, sobre todo na mobilidade por saúde.
- **Incrementar as medidas de conciliación**; Permisos, vacacións, licenzas....
- **Igualar as condicións do persoal do Anexo II co persoal do Anexo I**; mobilidade, dietas, xubilación....
- **Blindar a Xubilación Parcial** e garantir o exercicio deste dereito. Incluír medidas compensatorias cando se limite.
- **MELLORA DAS RETRIBUCIÓNS:**
 - **Recuperación e mellora da perda de poder adquisitivo.**
 - **Un novo Sistema de Retribucións Complementarias**, adaptado ás necesidades, áxil e suficientemente financiado.
 - Promoción horizontal. **CARREIRA PROFESIONAL.**

Nas nosas propostas, tamén faremos propostas para igualar as condicións laborais dos diferentes ministerios e organismos, o Convenio é Único, deberíamos tender a unha igualdade no desempeño dos nosos postos de traballo e reverter a actual tendencia de incrementar as desigualdades.

Se tedes algunha proposta ou suxestión sobre a negociación do V Convenio Único, podedes facerla chegar a traves das canles habituais de comunicación.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota.